



A Coruña, 28 de setembro de 2020

Estimadas familias,

Agardando que esteades todos ben, queremos informaros sobre o comezo de curso 2020-21 da Escola de Música Compañía de María. Sentimos o retraso nos prazos e chamadas, pero todo é para poder ofrecer un curso o máis seguro posible.

Polas circunstancias que tivo que afrontar o Colexio durante o mes de setembro non puidemos comunicar nada oficial ata agora pola multitude de modificacións que dende o centro tiveron que facer para cumprir cos requisitos que dende a administración esixiron en cada momento.

Tralo comezo por fin de todos os niveis da ESO e a publicación a pasada semana do acordo entre o Colexio e a ANPA para a organización dos mediodías informámosvos da nosa postura para comezar o curso:

Materias grupais

1) Música e movemento (5º e 6º Ed. Infantil e 1º e 2º EP)

Ante a inestabilidade sanitaria do comezo do curso, consideramos que o máis prudente pola seguridade de todos (alumnos, profesores e familias) é pospoñer o comezo das clases grupais sen data concreta ata ter a certeza de que o Colexio e o sistema de grupos estables funcionan adecuadamente. O comezo podería ser en novembro ou máis adiante, dependendo de como evolucionen os acontecementos. Informarémovos ante calquera novidade.

Tendo en conta que a ANPA copa os horarios de mediodía nas aulas dos grupos estables, e para non crear dificultades organizativas, cando se poidan ofertar, se continúa a xornada partida serán polas tardes inmediatamente ao rematar as clases do Colexio e os venres ao mediodía e pola tarde. Tentarase que sexan nas mesmas aulas de cada grupo estable sempre que sexa posible.

Os alumnos de 2º EP sí que poderán comezar coas clases de instrumento dende o 15 de outubro.

2) Linguaxe musical

Tampouco comezan polo de agora as clases de Linguaxe musical. Cando se inicien, se farán seguramente de maneira telemática con vídeos semanais e titorías por email mentres sexa necesario respectar os grupos de convivencia estable para garantir a seguridade sanitaria do centro ao tratarse de materias que xuntaban a alumnos de diferentes cursos e grupos.

3) Coro infantil e Agrupación instrumental

As materias grupais de coro infantil e agrupación instrumental non serán posibles polo de agora ao mesturar alumnado de moitas idades e grupos diferentes.

4) Coro de adultos

Polo bo funcionamento que tivo durante o confinamento, se hai adultos interesados, o coro de adultos podería comezar de maneira telemática mentres non sexa posible ter as clases grupais no centro.

Materias instrumentais (2ºEP a adultos)

As clases de instrumento terán lugar con normalidade presencial ao tratarse na maioría dos casos de clases individuais . As que se realizaban nunha hora en parellas deberán cumprir cos requisitos de agrupamento dos grupos de convivencia estable.

Se algunha familia prefire a modalidade telemática fronte á presencial no mesmo horario escollido pode solicitalo ao email da Escola sen problema algún.

Nas vindeiras datas, chamaremos a todas as familias que entregastes a renovación de matrícula ao final do curso pasado para concretar horarios tendo en conta as novas quendas de saídas e comedor.

Prazo de matrícula para renovacións e novas matrículas (só instrumentais polo de agora)

Do mércores 30 de setembro ata o mércores 7 de outubro.

Inicio das clases

Xoves 15 de outubro. Confirmaremos as aulas e sistemas de recollida antes da data de inicio dado que temos que rematar de concretar algúns dos espazos.

Medio de presentación das renovacións e novas matrículas

Envío dos formularios correspondentes que se poden atopar dende o mércores 30 de setembro no apartado de *Matrícula* da Escola de Música na web do Colexio á dirección esmu.compania.maria@edu.xunta.es.

O importe da matrícula no caso das novas matrículas (30€) cobrarase coa primeira mensuralidade do curso.

Protocolo en caso de ensinanza non presencial das clases de instrumento

No caso de que algún grupo clase de convivencia estable ou grupo intranivel de convivencia estable teñan que estar na casa o protocolo a seguir sería clases por videoconferencia vía Meet de Google Classroom mantendo a normalidade nos horarios sempre e cando alumno e profesor non acorden cambialo. O enlace para a videoconferencia enviarase ao email facilitado no formulario de inscrición. Ante a posibilidade de que non saibamos que un determinado grupo está na casa agradeceríamos que nos escribísedes avisando desa situación.

No caso dunha posible ensinanza a distancia obrigatoria para todos, se algún alumno quere darse de baixa terá que facelo a través do enderezo electrónico da Escola de Música. Deberá informarse da baixa antes do día 1 do novo mes, de non cumprirse ese prazo será efectiva para o mes seguinte.

Para calquera dúbida escribídenos a esmu.compania.maria@edu.xunta.es

Un cordial saúdo,

Equipo Directivo

Escola de Música Compañía de María